



# AGRICULTURA ECOLÓXICA E DESENVOLVIMENTO SUSTENTÁVEL: ENTREVISTA CON EDUARDO SEVILLA GUZMÁN

**«A AGRICULTURA ECOLÓXICA  
PARA MUITOS DE NÓS  
CONSISTE NUN INTENTO DE  
COMBINAR AS NOVAS  
TECNOLOGIAS AGRÁRIAS COA  
LÓXICA HISTÓRICA DOS  
CAMPESIÑOS»**

Eduardo Sevilla Guzmán é catedrático de Socioloxía Agrária da Escola Superior de Enxeñeiros Agrónomos de Córdoba. Autor de numerosos livros e artigos e preocupado de tempo atrás polos problemas do desenvolvimento rural, é na actualidade un dos mais reputados especialistas do estado español en agroecoloxia. Eduardo Sevilla, que acaba de publicar conjuntamente con Manuel González de Molina unha magnífica selección de textos sobre o tema baixo o título de *Ecoloxía, Campesinado e Historia* (Las Ediciones de La Piqueta), visitou recentemente Compostela onde falou con CERNA.

**CERNA:** Na actualidade fala-se adoito de agricultura ecolóxica, agricultura biolóxica, agroecoloxía, etc. sen saber mui ben a qué nos estamos a referir. Vostede ten non só estudiado o tema desde o punto de vista teórico senón que ademais ten asesorado e colaborado en diversas experiéncias prácticas de agroecoloxía, ¿qué diferencias hai entre unhas e outras?

**E.S.** Nos proxectos que eu coñeo, os campesiños -e os membros do Instituto de Sociología y Estudios Campesinos que colaboramos con eles- entenden a agricultura ecolóxica como a obtención de terra nunha zona e dedicar-se a preguntar aos vellos como producian antes e intentar restablecer a forma de cultivo que tiñan antigamente sen utilizar nengún tipo de produtos de síntese, de carácter industrial, agás en aqueles momentos nos que o vexan imprescindíbel. Ou sexa que non hai unha militancia fundamentalista a respecto de que a agricultura ecolóxica teña que ser algo puro; non, hai momentos nos que compre utilizar algúun tipo de produto de síntese e non pasa nada; non hai unha dimensión relixiosa.

Pola súa banda, a agricultura biolóxica non supón un resgate das prácticas da agricultura tradicional, senón simplemente unha sustitución de insumos degradantes por insumos muito mais blandos e que significa un tratamento da natureza muito mais suave e muito mais válido.

**CERNA:** Polo que comentou na súa charla, a agricultura ecolóxica non é un tipo de agricultura mais, non é só unha técnoloxía senón tamén podería ser un arma de transformación social.

**E.S.** En efecto, varias das cooperativas de agricultura ecolóxica coas que

colaboramos no Instituto formaron-se como resultado da experiencia do movemento xornaleiro andaluz, que desde o século pasado viña reclamando o dereito a terra, a seren campesiños. Esto enlaza coa reivindicación actual de muitas persoas en Europa de non deixar de sé-lo, de non chegar a unha Europa sen campesiños. A agricultura ecolóxica para muitos de nós consiste nun intento de combinar as novas tecnoloxías agrárias coa lóxica histórica dos campesiños para obter unha nova forma de producir que non só deixe de supoñer unha amiaza para a vida das xeracións futuras senón que ademais contribuía ao establecemento dunha maior xustiza social.

**CERNA:** A agricultura ecolóxica ponse adoito en relación co tema do desenvolvimiento sustentável.

**E.S.** A amiaza sobre a pervivencia da vida no planeta fixo-se nos últimos anos tan evidente que os propios governos dos países desenvolvidos se viron forzados a tomar cartas no asunto. Desde 1972 en que se publicou o coñecido informe Meadows para o Clube de Roma, que levaba xa o título de *Os límites do crecemento*, foi-se tomando conciencia de que o crecemento económico estragador de recursos e produtor de lixo segundo o modelo dos anos 1950 e 1960 era insustentável. Frente ás críticas radicais, muitas delas procedentes do Tercei-

ro Mundo, que identificaban a degradación ambiental co modelo de desenvolvimento dos países centrais e co imperialismo, foi agromando un «ecoloxismo tecnocrático» que tivo o seu máximo exponente no denominado Informe Brundtland do ano 1987 onde se apresentava o denominado desenvolvimento sustentável como o método oficial para corregir os efectos da crise ecolóxica. O desenvolvimento sustentável sería segundo este informe aquel «que satisfai as necesidades das xeracións presentes sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades». No recente cume de Río o secretario xeral da ONU, Boutros Ghali chegou a alcumá-lo de «nova concepción do destino da humanidade».

**CERNA:** ¿Qué papel asigna o informe Brundtland á agricultura?

**E.S.** O informe valora que a agricultura se convertira «práticamente en unha industria» como consecuencia das «novas tecnoloxías e da Revolución Verde», pero esquece que esta última, que pretendeu universalizar o modelo agro-nómico do primeiro mundo é responsável dunha parte importante do deterioro ambiental do planeta ao non resolver o problema da pobreza e combiná-lo con un acceso doador aos insumos artificiais. A conexión entre pobreza e deterioro da terra é evidente en múltiples aspectos do deterioro ambiental; así é incuestionábel nos procesos de deforestación e de erosión dos solos que provocan os campesiños mui pobres ao non poderen utilizar outras fontes de enerxía que a leña, ou cando presionados polo mercado non poden usar os seus coñecimentos tradicionais -por falta de tempo ou doutros recursos- para manter a fertilidade do solo ou cando se ven obligados a utilizar venenos ecosistémicos para incrementaren a produtividade das súas terras. Claro está que outras veces non é solamente a pobreza senón a falsa produtividade da agricultura moderna o que leva ao deterioro da terra. Na agri-

**«SÓ CANDO TEÑAS CORTADO  
A DERRADEIRA ARVORE,  
CAPTURADO O DERRADEIRO  
PEIXE E CONTAMINADO O  
DERRADEIRO RIO,  
DECATARÁS-TE DE QUE NON  
PODES COMER DIÑEIRO»**

cultura dos países ricos, ésta é ecolóxicamente nefasta, sobre todo aló onde se ten consumado xa o paso da «agricultura como forma de vida» á «agricultura como negocio»

**CERNA:** Pero existen outras formas de entender a sustentabilidade, ¿non si?

**E.S.** En efecto, Vandana Shiva, a coñecida ecofeminista india, autora de livros tan demoledores sobre os efectos da expansión da denominada agricultura moderna como *The Violence of the Green Revolution* (a violéncia da revolución verde), afirma que existen dous xeitos distintos de entender o conceito de sustentabilidade. O significado real refire-se á sustentabilidade da natureza e da xente, o que implica unha recuperación do recoñecimento de que a natureza é a fonte primaria da subsistencia. A natureza sustentável implica manter a integridade dos procesos, ciclos e ritmos da natureza. Hai unha segunda cla-

se de sustentabilidade, que se refiere ao mercado, o que implica manter o fornecemento de materiais para a produción industrial. Esta é a definición convencional de conservación en tanto que facilita rendimentos sostidos das matérias primas para o desenvolvimeto. Ao considerarmos as matérias primas industriais sustitutivas das mercadorias, a sustentabilidade adquire o sentido de substituibilidade de materiais, tornándose esta, mui logo, en convertibilidade en beneficio e diñeiro.

A sustentabilidade da natureza implica a rexeneración dos procesos naturais e unha subordinación ás leis do retorno á natureza. A sustentabilidade no mercado implica asegurar os fornecimentos de materiais, a circulación de mercadorias, a acumulación de capital e o retorno dos investimentos. Esto non pode proporcionar a subsistencia que estamos perdendo ao mancar as capacidades para manter a vida. O verdadeiro significado da sustentabilidade ten que se basar en ideias como aquela dos antigos nativos americanos, que consideraban que o diñeiro non é convertible en vida: «só cando teñas cortado a derradeira arvore, capturado o derradeiro peixe e contaminado o derradeiro río, decatarás-te de que non puedes comer diñeiro». ■

